

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 02/05/2022
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ARGIMIRO SERÉN MERA

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

MATILDE LAYA LORENZO
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN
ALBERTO VARELA PAZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 02/05/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 25-abr-2022, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/1327

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Laura Sánchez Barros, solicitando autorización para a colocación de forma excepcional, de un músico (un organista) no exterior do Bar "As Tapas de Laura Alegría", situado na Rúa Arcebispo Gelmirez nº 36 o sábado día 7 de maio de 2022, en horario de 12:00 a 15:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2022/1351

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por SEPYMEDICAL SL para o subministro de parches-electrodos dos desfibriladores de propiedade municipal, por caducidade dos actuais, por un importe total de 724,91 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22199.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1352

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa CEIRE SL a realización das revisións técnicas da montaxe das atraccións de feira instaladas durante as Festas de Santa Rita 22, por un importe total de 7.750,05 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22799:

$21 \text{ atraccións} \times 305 \text{ €} = 6.405 \text{ € (sen IVE)} + 1.345,05 \text{ € (IVE)} = 7.750,05 \text{ €}$

No caso de non completarse o aforo das atraccións, será facturado o numero de atraccións inspeccionadas.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1353

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por SEPYMEDICAL SL para subministro de artigos de uniformidade para os Socorristas do Servizo de Praias para a época estival 2022, por un importe total de 1.219,68 € (IVE incluído), con cargo á partida 4591.22104.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1354

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por SEPYMEDICAL SL para o subministro material sanitario para os postos de primeiros auxilios das praias Preguntoiro, Concha-Compostela e Campanario, por un importe total de 3.923,81 € (IVE incluído), con cargo á partida 4591.22199.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1355

Vista a proposta do Responsable de Compras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Teleservicio Instalaciones de Oficina SL para o subministro de un colgadoiro para o Departamento de Rexistro Xeral, por un importe total de 96,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.215.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1356

Dáse conta do escrito presentado por María de la O Fernández González, solicitando acceso ao orzamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de 21 de marzo de 2022 para o desenvolvemento da campaña de concienciación e prevención para a recollida, por parte dos donos dos cans, dos excrementos deixados polas súas mascotas, por un importe de 18.150,00 €. A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado pola Sra. Fernández González.

PRP2022/1359

Dáse conta de escrito da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo comunicando o reaxuste dos importes das anualidades nas que se ten atribuída a axuda para a elaboración do PXOM, quedando do seguinte xeito:

Fases de execución	Porcentaxe	Importe	Anualidades
IPAI	20%	53.420,40 €	2022
Aprobación Inicial	20%	53.420,40 €	2023
Aprobación provisional	20%	53.420,40 €	2024
Aprobación Definitiva	20%	53.420,40 €	2025

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/1360

Dáse conta do escrito remitido por D. Oscar Rey Iglesias, Inmobiliaria Paxonal, comunicando a nova titularidade da Sociedade Julio Rey y Otros SL, dos terreos situados na Rúa Santa Lucía, alugados polo Concello para aparcamento público ao antigo titular D. José Antonio Cortizo Nieto. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dirixirse ao Sr. Rey Iglesias aos efectos de manifestar a súa conformidade coa continuidade do alugueiro dos terreos como aparcamento. Así mesmo faise constar que está pendente de aboamento a factura do aluguer correspondente ao ano 2021, por importe de 2.500,00 €, polo que, deberá enviarse polo actual propietario a correspondente factura.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1363

Dáse conta do Programa de axudas a Entidades Locais para a rehabilitación de edificios públicos (PIREP), financiado pola Unión Europea - NestGenerationEU.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora da solicitude de subvención para o proxecto "Reparación estrutura, substitución cuberta, mellora envolvente, acondicionamento interior Pavillón de Fontecarmoa", por un importe de 1.008.198,90 €.

PRP2022/1391

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste SL para o subministro de oito monitores 23,8" PHILIPS 241B8Qjeb, por un importe total de 2.196,97 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.62600.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2022/1269

Dáse conta de certificación emitida pola Xefatura Territorial de Política Social de Vigo en relación co pagamento do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao 1º trimestre do ano 2022, coa seguinte desagregación:

- Mes de xaneiro: 53.029,46€

- Mes de febreiro: 52.640,50€

- Mes de marzo: 53.812,00€

Total nómina neta 1º trimestre: 159.481,96€

Total devengado: 159.481,96€

A Xunta de Goberno queda sabedora.

EMPREGO

PRP2022/1288

Dáse conta de resolución da Secretaría de Estado de Comercio, de concesión definitiva de axuda para o proxecto Vilagarcía Viva. Proxecto de mellora, revitalización e resiliencia de mercados tradicionais e zonas comerciais urbanas, dentro das axudas para o apoio de mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles de comercialización, do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, nos seguintes termos:

- Orzamento financeiro: 671.278,65 €

- Subvención concedida: 537.022,92 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Con respecto ao carácter elixible do IVE, remitírase consulta ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo aos efectos de aclarar dito extremo, tendo en conta que no orzamento vixente do Concello consta unha retención de crédito por contía de 134.255,73 € (RC22022/134. Expte. PROMECON/2021/295. Partida 4311.470)

PRP2022/1349

Dáse conta de Proposta da Área de Promoción Económica en relación coa realización do evento "ESPAVILA EDICIÓN DO MAR".

O evento que se propón, consiste na realización dunha feira de tres días de duración (entre 5 e 8 de maio) co tema central do mar e as súas riquezas, proxectando o mesmo nos seguintes eixos

fundamentais:

- Sensibilización en materia de sustentabilidade e economía circular
- Potenciación de centros comerciais abertos e dinamización de zonas comerciais
- Promoción do emprego e o emprendemento e innovación
- Utilización de produtos do mar como materia prima da gastronomía de excelencia partindo dos recursos naturais locais, favorecendo a súa xestión e aproveitamento eficiente e sostible para a mellora competitiva do comercio e hostalería de Vilagarcía.

O desenvolvemento do evento distribuirase nos espazos que se indican:

Praza da peixaría: Reservada para unha exposicións, mesas de debate e relatorios a cargo de técnicos de diversas entidades e empresas.

Chaira antiga comandancia. A entidade GADISA levará a cabo talleres e actividades con inspiración na temática do evento, con escolares do concello de Vilagarcía.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a realización do evento, así como os orzamentos presentados por un importe estimado de 36.161,29 €, con cargo á partida 431.22799, coa seguinte desagregación:

1.- PONENCIAS E MESAS COLOQUIO:

CONCEPTO	EMPRESA	COSTE
MODERADOR MESAS		400 Euros (estimado)
MUSEO DO MAR		300 Euros (estimado)
GERENTE CORTICATA		300 Euros (estimado)
ILLAS ATLÁNTICAS		300 Euros (estimado)
CENTRO DE INVESTIGACIONES MARINAS		300 Euros (estimado)
OUTROS TÉCNICOS INTERVINIENTES		600 Euros (estimado)
TOTAL RELATORIOS E MESAS COLOQUIO (estimado)		2.200,00 € (Estimado)

2.- AMBIENTACIÓN ZONAS COMERCIAIS

CONCEPTO	EMPRESA	COSTE
ESPECIES FLORAIS PARA AMBIENTACIÓN	O Piñeiro Garden&home SL. (CIF. B36213460)	2.000,00 € IVE INCLUIDO
OUTRO MATERIAL FUNXIBLE		3.000,00 € IVE INCLUIDO
TOTAL AMBIENTACIÓN ESPAZOS		5.000,00 € IVA INC

3.- EXPOSICIONS

CONCEPTO	EMPRESA	COSTE
POLIZA DE SEGURO PEZAS MUSEO DO MAR DE GALICIA	Willis Towers Watson	162,23 €
SEGURIDADE PRAZA PEIXERÍA	SASEGUR SL CIF B78976263	676,26 € IVA INCLUIDO
TOTAL		838,49 IVA INC

4.- DINAMIZACIÓN DE ZONAS COMERCIAIS E FOMENTO DE ESTRATEXIAS DE ECONOMÍA CIRCULAR

Dinamización mercados tradicionais e accions de Economía circular, showcooking 6 e 7 de maio	ARTESA RIAS BAIXAS S.L. B36555274	13.005,30 € IVA INC
Dinamización zonas comerciais urbanas, 6 e 7 de maio	REVENIDAS SC. J94117678	10.000,00 € IVA INC
TOTAL EVENTOS GASTRONÓMICOS		23.005,30 € IVA INC

5.- OUTROS CONCEPTOS (estimados)

PRESENTADOR E MODERADOR SHOWCOOKINGS E GRABACIÓN CONTIDOS	Diego Alcaine Torres	1.754,50 € IVA INC
TALLERES ARTESANÍA	ASOCIACIÓN MARISCADORAS DE CARRIL (AMARCARRIL) G94157708	363,00 € IVA INC
MATERIAL DIVULGATIVO E CONSUMIBLES		3.000,00 € IVA INC
TOTAL OUTROS		5117,50 € IVE INC

TOTAL GASTO ESTIMADO 36.161,29 € IVA INCLUIDO

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2022/1339

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a sinatura do Contrato de Patrocinio para a financiación da V Edición do Festival Internacional de Música Clasclas entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e D. Ramio Carregal Rey, cunha aportación de 6.000,00 € para a financiación do aluguer dos pianos de cola á Empresa HINVES PIANOS de Madrid.

PRP2022/1372

Dáse conta de Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, das axudas concedidas a entidades locais para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, no marco do programa Ler Conta Moito, pola que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa un importe de 829,78 €.

Para o pagamento total da axuda deberá xustificarse un gasto mínimo de 1.106,373 € e deberán programarse un mínimo de dúas actividades das establecidas no Catálogo Ler Conta Moito 2022. A Xunta de Goberno Local queda sabedora, e acorda a aportación municipal con cargo á partida 3321.22609.

CULTURA

PRP2022/1340

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda a alta como socio institucional no Padroado do Museo Galego, sendo representante deste Concello na Asemblea de socios/as o Alcalde-Presidente ou persoa en quen delegue.

Acordase o aboamento anual da cota de Douscentos Euros (200 €), en condición de Socio Institucional, con cargo á partida 334.489.

PRP2022/1348

Dáse conta de proposta da Concellería de Cultura en relación coa conmemoración do Día das Letras Galegas que neste 2022 recae na figura de Florencio Delgado Gurriarán.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte programación en colaboración con distintas entidades do municipio:

Martes 3 de maio	CONFERENCIA:
------------------	--------------

	“Florencio Delgado Gurriarán: Poesía, exilio e compromiso”, a cargo de D. Ricardo Gurriarán Rodríguez
Sábado 14 de maio	OBRA DE TEATRO: O Reino da Extinción (Dentro do programa de GALESCENA-AGADIC)
Domingo 15 de maio	FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS XIV Festival A.C. Nós de Sobradelo Grupo convidado: GBMT Sadeo de Pontearreas
Luns 16 de maio	OS ESCOLARES DE VILAGARCÍA HOMENAXEAN A FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN Colabora: A Mesa das Verbas
Martes 17 de maio	DÍA DAS LETRAS GALEGAS NO CARRIL Colabora: O Gato Negro
	CONCERTO: Uxía e Javier Ruibal: “De tu casa a la mía”
Mércores 18 de maio	PROYECCIÓN DE CINE: “A Virxe Roxa” Colabora: Cine Club Ádega

Acórdase aprobar o orzamento de gasto, por un importe total de 5.811,42 €, con cargo á partida 334.226.22637:

CONCEPTO	INTERESADO	IMPORTE	PARTIDA
CONFERENCIA: “Florencio Delgado Gurriarán: Poesía, exilio e compromiso”, a cargo de D. Ricardo Gurriarán Rodríguez	Ricardo Gurriarán Rodríguez DNI: 10032589 N	200,00 €	334.22606
OBRA DE TEATRO: O Reino da Extinción (Dentro do programa de GALESCENA-AGADIC)		Convenio AGADIC 2022	
FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS: XIV Festival A.C. Nós de Sobradelo Grupo convidado: GBMT Sadeo de Pontearreas	Asociación Cultural NÓS DE SOBRADELO R/ A Pereiroa nº 15, sobradelo 36611 VILAGARCÍA DE AROUSA NIF: G-36043933	500,00 €	334.22609
OS ESCOLARES DE VILAGARCÍA HOMENAXEAN A FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN Colabora: A Mesa das Verbas Participan: Colexio O Piñeiriño, Colexio San Francisco, Colexio A Lomba e o IES Castro Alobre.	2 LOTES DE LIBROS para: CEIP O Piñeiriño e Colexio San Francisco LIBRERÍA NOBEL Espacio Lector SL B-36164820 r/Edelmiro Trillo nº 19 36600VILAGARCÍA DE AROUSA	400,00 €	334.22601
	2 LOTES DE LIBROS para: CEIP A Lomba IES Castro Alobre LIBRERÍA FOLLAS NOVAS Follas Novas Arousa Libros SL Avenida Rodrigo de Mendoza 12, baixo dereita 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA	400,00 €	334.22601
	4 EXCURSIÓNS (1 POR CENTRO) Empresa Pereira SL CIF: B 36030997 r/ Patiño 19, Polígono da Trabanca 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA	1.440,00 €	334.223

	AROUSA		
DÍA DAS LETRAS GALEGAS NO CARRIL Pasacalles Grupo de gaitas Malveiras Colabora: O Gato Negro	Asociación Cultural Malveiras NIF: G-36136679 r/ Castillejos 7 36610 VILAGARCÍA DE AROUSA	391,00€.-	334.22609
CONCERTO: Uxía e Javier Ruibal: "De tu casa a la mía"	GOYPLASON, Sonido e iluminación profesional CIF: B-94001088 r/Rosaleda un, nº 11, 2ºA 36611VILAGARCÍA DE AROUSA	- Programa MUSIGAL da Deputación de Pontevedra - 1.996.42 €.- Necesidades de produción	334.22609
PROYECCIÓN DE CINE: "A Virxe Roxa" Colabora: Cine Club Ádega	ÁDEGA CINE CLUBE CIF: G-36018513 Praza da Independencia, nº 2 36600 Vilagarcía de Arousa	484,00 €	334.2260

PRP2022/1350

Dáse conta de proposta de aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e o Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa, para o ano 2021. A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o convenio de colaboración, por un importe total de 46.270,00 €, con cargo ás partidas que a seguir se indican, polo que a Banda de Música realizará un mínimo de 35 actuacións, nas condicións establecidas no citado acordo económico cultural, con cargo ás seguintes partidas:

- Con cargo á partida 334.78000: 7.500,00 €, para a adquisición de material instrumental.
- Con cargo á partida 334.48205: 38.770,00 €, para gastos correntes derivados do normal funcionamento do Padroado de Banda de Música.

- O recoñecemento de obrigaón a favor do Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa, polo importe de 23.135,00 €, con cargo á partida 334.48205, de conformidade co establecido nas cláusulas do propio acordo económico cultural.

CONTRATACIÓN

PRP2022/1329

Con data 29 de marzo ditouse, por esta Alcaldía, providencia de incoación, onde se iniciaba o expediente de contratación, do contrato menor denominado "Substitución de cobertura na grada do campo de fútbol de Vilaxoán".

Na mesma data remitiuse invitación, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, as empresas: Montajes Mofaco, S.L. e Cubercon Pontevedra, S.L. e Construcciones Bespi, S.L., concedéndolle un prazo de ata o 8 de abril de 2022 para a presentación de ofertas.

Unha vez rematado o citado prazo de presentación, non se presentou ningún licitador. Achégase da presente proposta, xustificación de tal circunstancia extraída do Plataforma de Contratación do Sector Público.

Polo exposto, procede a aplicación a sensu contrario do artigo 150.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que establece que "el órgano de contratación no podrá declarar desierta una licitación cuando exista alguna oferta o proposición que sea admisible de acuerdo con los criterios que figuren en el pliego".

Visto lo que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Declarar deserta a licitación denominada "Substitución de cobertura no graderío do campo de fútbol de Vilaxoán", ao non presentarse ningún licitador.

2.- Publicar o presente acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde ten aloxado o perfil do contratante o concello de Vilagarcía de Arousa.

PRP2022/1306

Dáse conta do expediente de contratación CT 108/2021 tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado e tramitación ordinaria e mediante licitación electrónica, para adxudicar o contrato de Servizos denominado "Redacción do proxecto técnico e dirección de obra para a Reforma, Mellora, Ampliación das instalacións e piscinas municipais de Fontecarmoa", incluídas na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado (EDUSI) "Vilagarcía Avanza", dentro da liña de actuación denominada " VLG_A08_ GENEOPER: Xeración de oferta deportiva, turística e cultural" e cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020, na actualidade integrado no POPE 2014-2020., cun orzamento de licitación de 99.425,70 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

- 05201720V: D. Jesús San vicente Domingo.

Unha vez examinada a documentación presentada polo licitador, compróbase que a mesma é correcta.

Tendo en conta o informe técnico de valoración, asígnanse á oferta técnica (criterios suxeitos a xuízo de valor) presentada polo licitador D. Jesús San Vicente Domingo un total de 37 puntos.

Unha vez realizadas as valoracións correspondentes en aplicación dos criterios contemplados no PCAP, o resultado é o seguinte:

Licitador	Puntuación da Oferta económica. Sen IVE	Puntuación da mellora 1: Mellora consistente en ofertar o emprego de sistemas de eficiencia enerxética, na envolvente térmica do edificio, que supoñan un aforro de, ata, un 25% sobre o consumo orixinal de axustarse estritamente á normativa aplicable	Puntuación da mellora 2: Mellora consistente no emprego de fontes enerxéticas limpas, como a solar, biomasa, etc., para a xeración de enerxía eléctrica, climatización e xeración de auga quente que representen, ata, o 25% por encima da mínima obrigada.
05201720V Jesús San Vicente Domingo	41 puntos	0 puntos Non se indica a porcentaxe de aforro enerxético que supoñerá o emprego de sistemas de eficiencia enerxética na envolvente térmica do edificio, con respecto ao consumo orixinal de axustarse estritamente á normativa aplicable.	0 puntos Non se indican as fontes de enerxía limpas que se utilizarán para a xeración de enerxía eléctrica, climatización e xeración de auga quente, nin a porcentaxe de mellora que representan respecto ao mínimo obrigatorio.

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1NIF: 05201720V Jesús San Vicente Domingo Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV: 37

Total criterios CAF: 41

Total puntuación: 78

Á vista do que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de servizos denominado " CT 108/2021-e - Redacción de proxecto técnico e dirección de obra de "Reforma, mellora e ampliación das instalacións e piscina municipal de Fontecarmoa" ,cun orzamento de licitación de 99.425,70 € (IVE incluído)á seguinte empresa NIF: 05201720V Jesús San Vicente Domingo, de conformidade coa súa propia oferta, por cumprir os criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación: Prezo ofertado: 72.600,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 341.6320017, do proxecto 2018/2/DUSI/7 que se desagrega da seguinte forma:

Concepto	Oferta IVE excluído	IVE 21%	TOTAL IVE incluído
Redacción de proxecto	45.000,00 €	9.450,00 €	54.450,00 €

Director de obra	15.000,00 €	3.150,00 €	18.150,00 €
Total	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €

O prezo ofertado inclúe unhas melloras consistentes en:

- Desenvolvemento BIM
- Obtención de cualificación enerxética A -
- Certificado BREEAM
- Residuos 0, aforro e aproveitamento de auga

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:15 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.